

Capítulo 1. Cronoloxía dunha contratación.

CONTRATACIÓN: EMPRESA CULTURAL

DÍA D , HORA H

Iníciase o procedemento para contratar unha empresa que coordine, xestione, etc., os eventos culturais de Redondela. Descoñecemos a data na que se procede a invitar ás tres empresas que presentan presuposto.

Respostas das empresas:

- a) BIGLAB: Non consta na documentación a data da resposta
- b) ABOUT ART: Responde con data de 6 de maio de 2013
- c) Ana M^a Costas Carvajal: Responde con data de 8 de maio de 2013

TORMENTA DOCUMENTAL: 9 DE MAIO DE 2013 (XOVES)

- a) O alcalde solicita informe de intervención sobre existencia de crédito
- b) O alcalde propón contratar a BIGLAB
- c) Comunicado interior solicitando existencia de crédito asinado o 9 de maio con rexistro do 7 de maio ¿.....?
- d) O departamento de contratación solicita a BIGLAB documentación complementaria de Facenda, Tesourería da Seg. Social e de solvencia (ás 14:49 horas)

DOCUMENTACIÓN DE BIGLAB:

- a) Informe de Facenda: 9 de maio de 2013
 - b) Informe da Tesourería da Seguridade Social: 9 de maio de 2013
 - c) Declaración de solvencia: 10 de maio de 2013.
- Supoñemos que os documentos de Facenda e Tesourería da SS se tramitaron entre as 14:49 e a hora de peche desas administracións.

II TORMENTA DOCUMENTAL: 13 DE MAIO DE 2013 (LUNS)

a) Resposta do interventor asegurando existencia de crédito (xa estaba pre-adxudicado o contrato, a falta de presentar documentación)

b) Visto e Bo da Secretaria

c) Resolución da Alcaldía

d) Comunicación da resolución a:

i. ABOUT ART

ii. Ana M^a Costas Carvajal

iii. BIGLAB (que asina o recibí no mesmo día)

E DESPOIS DIN QUE A ADMINISTRACIÓN É LENTA

Contratación dunha empresa para a xestión cultural. Capítulo II.

PRÓXIMAS LABORES DE BIGLAB SL

FESTAS DA COCA:

A) Producción, seguemento e coordinación das distintas actividades

a. Deseño e elaboración das alfombras

b. Necesidades dos participantes na Danza das Espadas

c. Coordinación e posta en marcha da Coca dos Nenos

d. Posta en marcha das verbenas

Despois de ver a web da empresa en cuestión, os da Danza das Espadas deben estar pensando en cubrir un montón de necesidades. Debemos sinalar que no deseño e elaboración das alfombras poderá contar coa colaboración das diferentes asociacións culturais, invitadas polo alcalde a colaborar. Iso si, a colaborar de balde, QUE NESTE CASO SERÍA MÁIS CA DE BALDE DE BARRICA DAS GORDAS.

Contratación dunha empresa para a xestión cultural. Capítulo III.

OS LISTOS E OS PARVOS

Non sabemos como é que en certas contratacións sempre hai un ou varios parvos que non se enteran. Enxeñeiros incompetentes, empresas que propoñen presupostos temerarios,

Pois tamén no caso das empresas culturais debe haber parvos:

OFERTA DO CONCELLO (descoñecemos a que realmente se lle remitiu ás empresas)

Contrato desde o 15 de maio de 2013 ata o 15 de xaneiro de 2014, é o que consta no expediente de contratación

Que contestan?

ABOUT ART: Este presupuesto, presentado por About Art Gallery CB, con CIF e94057593, comprende las funciones de Coordinación de Gestión Cultural relativas a los meses de mayo, junio, julio y agosto del presente año 2013.

Ana M^a Costas Carvajal: (Programación trimestral) Concepto: TRABALLOS DE XESTIÓN CULTURAL DEPARTAMENTO CULTURA CONCELLO DE REDONDELA. Traballos de xestión co departamento de Cultura, elaboración dunha programación trimestral, xestión de tarefas relacionadas cos distintos festexos, consecución de presupostos, coordinación dos eventos, Creación de diversos eventos en coordinación cos departamentos de Cultura, Normalización Lingüística e Biblioteca. Montaxe de exposicións nos Multiusos de Redondela, Chapela e nas salas das Asociacións Veciñais. Maquetación de diferentes folletos, libros e exposicións se fora o caso.

BIGLAB – (POLO TEMPO QUE SEXA, INDETERMINADO) Presupuesto para el Excelentísimo Concello de Redondela. Concellería de Cultura. Concepto: Trabajos de gestión cultural – Departamento de Cultura- Trabajos de gestión, relaciones externas, coordinación de eventos. Creación y organización de diferentes eventos y espectáculos en coordinación con los departamentos de Cultura y diversas asociaciones. Gestión de presupuestos y seguimiento relacionados con fiestas, eventos (sonido, luces, carpas, escenarios, artistas, etc etc). Logística y producción en general. Asesoramiento técnico y profesional.

Propostas económicas:

ABOUT ART: 1.900€ (IVE non incluído) Máis gastos e dietas de desprazamento según fose xornada completa ou media xornada

Ana M^a Costas: 1.900€ (IVE non incluído)

BIGLAB: 1.750€ (IVE non incluído)